

# Iº SONDAXE DE RATA DE AUGA

Lucía Parente e Ramsés Pérez\*

Podemos encontrala agochada nas ribeiras de moitos hábitats húmidos, facendo autoestradas entre a vexetación e comendo sen parar os brotes tenros das herbáceas. Coñecemos á rata de auga porque hai anos abundaba nas ribeiras dos nosos ríos; porén, hoxe está a desaparecer como moitas outras especies. O Proxecto Ríos participa nun proxecto da SECEM (Sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Mamíferos) para inventariar esta especie e divulgar o seu valor ecolóxico e de bioindicador, coa finalidade de protexela para que a súa presenza non quede só na lembranza.



A rata de auga é capaz de reducir o latido do seu corazón facilitando así unha natación prolongada.



O Proxecto Ríos participou no curso de formación en O Bierzo co Dr. Jacinto Román.

A rata de auga (*Arvicola sapidus*) é unha toupiña, roedor da familia Cricetidae, pertencente á subfamilia Arvicolidae. Este mamífero está catalogado a nivel estatal (Román 2007) e mundial (Rigaux *et al.* 2008) como "Vulnerable" debido ao seu descenso (preto dun 30%) motivado pola perda na calidade do hábitat así como pola introdución de especies exóticas invasoras.

Pode considerarse unha especie bioindicadora da calidade dos ríos e nomeadamente das ribeiras. É un organismo semiacuático, cun *estilo de vida* a medio camiño entre os animais terrestres e os acuáticos, por isto o seu nicho son as ribeiras, o lugar onde contactan os ecosistemas terrestres e doceacuáticos.

Estes motivos foron os que levaron á SECEM a seleccionar esta especie para facer un seguimento a nivel estatal. O obxectivo da I Sonda de Rata de Auga é realizar unha primeira "foto fixa" da situación da especie. Grazas a ela poderase coñecer máis sobre o seu estado de conservación, distribución e factores de ameaza. A repetición da sonda dentro duns anos aportará información sobre a súa tendencia futura. Ademais, o seguimento dunha especie pode dar certa información, máis aló do que lle atinxe. A rata de auga cumpre todos os requisitos

para converterse nunha especie indicadora do estado de conservación do hábitat no que vive: as ribeiras.

Proxecto Ríos considerou acaído sumarse a esta iniciativa por varios motivos, por unha banda, porque a creación de sinerxías e intercambios con outras entidades é unha das mellores maneiras de avanzar na conservación do medio; por outra, é un camiño para seguir aprendendo e afondando no inmenso patrimonio que agochan os nosos ríos e que moitas veces nos pasa desapercibido; e por último, porque consideramos que a posibilidade de contar con voluntariado ambiental en proxectos de investigación científica deste tipo (facilitando formación específica, materiais, etc.) é unha interesante ferramenta que xa se está a desenvolver noutros países.

Proxecto Ríos participou no curso de formación realizado en O Bierzo, dirixido polo Dr. Jacinto Román, coordinador desta iniciativa a nivel estatal. Nesta xornada coñeceu a metodoloxía de mostraxe para logo facer o traballo de campo de forma individual. A mostraxe de todo o estado conta con 1.000 cuadrículas UTM de 10x10 km, 64 delas en Galiza. Cada voluntario/a participante no programa fai mostraxes en 5 destas cuadrículas.

Proxecto Ríos realizou o traballo de mostraxe en cinco cuadrículas nas que se debía facer cando menos tres puntos de inspección. As zonas estaban localizadas en territorios próximos as poboacións de A Rúa, Montederramo, Sarreaus e lugares da alta montaña como Trevinca ou Manzaneda. Estas mostraxes realizáronse en catro xornadas de traballo, onde participaron un total de 12 voluntarias e voluntarios.

### Bibliografía:

Rigaux, P., Valsin, M., Noblet, J. F., Amori, G., Palomo, L. J. (2008). *Arvicola sapidus*. In: IUCN 2009. IUCN Red List of Threatened Species. Verion 2009.2.

Román, J. (2007). *Arvicola sapidus* Miller, 1908. Ficha Libro Rojo Pp. 408-409. En: Palomo, L.J., Gisbert, J., Blanco, J.C. (eds.) Atlas y Libro Rojo de los Mamíferos Terrestres de España. Dirección General para la Biodiversidad-SECEM-SECEMU, Madrid.

\* Lucía Parente e Ramsés Pérez son educadores ambientais de ADEGA.

+ info: [www.secem.es](http://www.secem.es),  
<http://elrateador.blogspot.com>

onde atoparás o Manual de campo para a sonda, os lugares de realización dos cursos, novas, etc. Consulta tamén o álbum fotográfico na web [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org).